



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D. JOSÉ MANUEL CORRAL BELLAS

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. JUAN PUENTES CALVO

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dezaoto horas do día vinte e seis de abril de dous mil doce baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a asistencia D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE FEBREIRO DE 2012.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de febreiro de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL.**

Polo Sr. Alcalde - Presidente dase conta do texto íntegro da Declaración institucional que se corresponde co segundo texto que lle foi remitido aos Sres. Concelleiros xunto coa convocatoria da sesión; con respecto a o primeiro texto só varía o que se fai referencia a vinte e un concellos e aos dous comités de empresa, o texto definitivo copiado literalmente di:

### **"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RIA DE FERROL**

A grave situación do sector naval da ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas.

A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inquedanza con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiranse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

As vinte e unha Corporacións Municipais que refrendamos esta declaración institucional advertimos de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións supoñen unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciabile para todos nos. Máis aínda cando nestes momentos o número de parados en Ferrolterra, Eume e Ortegal supera por prime ira vez a cifra das 20.000 persoas.

Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten un dos seus eixos no naval público, os Concellos que subscribimos esta declaración nunca nos resignaremos a contemplar o desmatelamento e a morte por iniciación do sector naval na ría ferrolá.

Os representantes públicos municipais de Ferrolterra, Eume e Ortegal

apostamos en esta acción conxunta por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro das nosas comarcas. Para elo, fronte á difícil situación do naval, os Concellos abaixo asinantes reclamamos con urxencia os seguintes puntos:

1. Manter unha reunión do presidente da Sociedade Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), cos Comités de Empresa de Navantia Fene-Ferrol, conxuntamente coa presenza de representantes públicos municipais e axentes sociais e económicos das comarcas de Ferrolterra-Eume - Ortegal.
2. A construción do dique flotante e a reactivación da xestión comercial co obxectivo de conseguir novos contratos que garantan carga de traballo para os estaleiros da ría ferrolá, que é a verdadeira preocupación dos nosos veciños.
3. Negociación do Plan Industrial para Navantia, comprometido e asinado por SEPI.
4. Levantamento de todas as limitacións, impostos por Bruselas, á Construción Naval Civil a Navantia".

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo para manifestar que o seu grupo vai enmendar a declaración institucional, xa que na proposta feita polo Alcalde de Ferrol non se pide nada en concreto, e o pleno do parlamento de Galicia na sesión celebrada o día vinte e nove de febreiro de dous mil doce, por unanimidade dos grupos parlamentarios do Partido Popular, P S de G - PSOE e Bloque aprobouse peticionar a construción dunha nova Fragata F-100 o Dique flotante así como outras cuestións de interese para resolver o conflito que se nos ven encima, xa que se calcula que de xeito directo ou indirecto vanse ver afectados 17.000 postos de traballo na ría e comarca de Ferrol Terra; o asunto polo tanto que estamos a tratar é moi serio.

Deplora asimesmo a actitude do Alcalde de Ferrol José Manuel Rey que recentemente na sede do Concello empregouse gas pimenta contra os traballadores alí concentrados; de seguido procede á lectura da enmenda presentada polo seu grupo ao texto da declaración institucional, e que copiada literalmente di:

1 Esixir a celebración dunha entrevista urxente co presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais(SEPI), conxuntamente cos representantes sociais, políticos e económicos de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

2. Demandar do goberno do estado:

2.1. A consignación necesaria dentro dos orzamentos xerais para 2012 para a construción do dique flotante, a realizar por Navantia Ferrol - Fene.

2.2. Desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción das capacidades e competitividade de Navantia e sinaladamente dos estaleiros da Ría de Ferrol, buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo.

2.3. O inicio inmediato de negociacións na UE para conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros públicos da ría de Ferrol.

3. Demandar do Goberno Galego:

3.1. Que, en cumprimento da Proposición non de Lei aprobada por unanimidade no Parlamento Galego o pasado 29 de Febreiro, se presente o proxecto de Centro de Reparacións Navais na ría de Ferrol, comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como "contrato con Ferrol".

3.2. Dar cumprimento efectivo da Lei 4/2010, de 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, nomeadamente do seu artigo 4; para o cal deberá presentar no Parlamento Galego unha proposta concreta.

4. Demandar das organizacións políticas, nomeadamente das que teñen responsabilidades de goberno, o cumprimento estrito e inmediato das demandas da comarca a respecto do sector naval e, nomeadamente, os asumidos por unanimidade no Parlamento Galego."

Remata a súa intervención o voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Juan Puentes Calvo, dicindo que as decisións para dar solución ao sector naval son políticas e que polo tanto se debe de esixir o cumprimento dos acordos que foron apoiados por unanimidade no Parlamento Galego, aínda que o Partido Popular no parlamento de Madrid votou despois en contra da construción do dique flotante e de xeito diferente a como o fixo en Santiago.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para dicir que o Alcalde de Ferrol D. José Manuel Rey cando empezou o problema dos asteleiros era un neno e pouco podía facer, o verdadeiro problema para a construción naval comenza coa reconversión naval dos anos 80 que levou adiante naquela época o goberno do PSOE así como o veto á construción naval e o pagamento de multas impostas pola CEE que tivo que afrontar o primeiro goberno do Partido Popular e dí tamén que dende o ano 2004, o único contrato que se xestionou foron uns bloques ; polo tanto considera que non se lle pode votar a culpa a cargar o mochuelo ao goberno do PP que como quen di leva quince días no cargo e polo tanto non hai tempo para solucionar o asunto; anuncia o seu voto en contra da enmenda presentada polo voceiro do Grupo Mixto - BNG.

Polo concelleiro do Grupo de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que a solución non vai a ser que se faga ou non o dique flotante, xa que a xente vai a ir ao paro de inmediato ó non haber planificada carga de traballo, dí asimesmo que tanta culpa disto teñen os gobernos do PSOE e do PP, así como os Comités de empresa que estiveron moito tempo acomodados cando non había problemas; reitera que o dique flotante só sería un parche e que só podería facerse financiado pola SEPI.

Remata a súa intervención respostándolle o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, no sentido de que efectivamente o PP non fixo ningunha reconversión, pero tampouco se molestou cando gobernou na época de Aznar en buscar carga de traballo para o estaleiro, e o veto á construción naval, así como o pagamento de multas vén daquela época.

Polo Sr. Alcalde- Presidente, dise que o documento (declaración institucional) que se presenta a pleno nace dunha reunión que tivo lugar no Concello de Ferrol e que efectivamente se consensuou con aportacións dos presentes na reunión en base a un documento presentado polo Alcalde de Ferrol.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández pregúntase ao Sr. Alcalde que confirme se el participou na elaboración dese documento (declaración institucional).

O Sr. Alcalde-Presidente reitéralle que o documento (declaración institucional) consensuouse nesa reunión.

Pecha o debate do asunto o concelleiro do Grupo Mixto, D. Juan Puentes Calvo para dicir que a diferenza fundamental entre a enmenda que presenta o Grupo

Mixto - BNG, e a declaración institucional é que na enmenda se esixe que se cumpran os acordos xa aprobados, e na declaración institucional non se esixe nada, ningún compromiso, só boas intencións.

Sometida a enmenda á declaración institucional presentada polo Grupo Mixto - BNG, a votación , o Pleno da corporación por maioría de votos ( 7 votos en contra da aprobación dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do PS de G- PSOE, AIAC e Partido Popular e 1 voto a favor da aprobación do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - BNG ) rexeita a enmenda.

De seguido polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación o documento da declaración institucional, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE, AIAC e Partido Popular, e 1 voto en contra da aprobación do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - BNG) aproba a declaración institucional en apoio ao futuro dos estaleiros de Navantia.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dezaoto horas trinta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso Lopez

**O Secretario,**

José A. Meizoso Paz